




Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 10817I0B0D	
Código de verificación  283E 4P6O 321Q 2G6R 024H	Expediente 108/2021/2166	
	Data 10-10-2023	

Servizo de Recursos Humanos

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 09/10/2023, resolveu:

Primeiro.- Deixar sen efecto a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de traballador/a social (subgrupo A2) aprobada por Resolución do 06/10/2022 do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

En aplicación da previsión establecida no artigo 2.6 da Instrución 4/17 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña, en caso de esgotarse a listaxe de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de prazas de traballador/a social (subgrupo A2) por non existir persoas integrantes da mesma dispoñibles para o seu nomeamento, poderase utilizar a dita lista de agarda anterior, aprobada mediante resolución do 06/10/2022, previa audiencia da Comisión de seguimento das listaxes de agarda.

Segundo.- Aprobar a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de traballador/a social (subgrupo A2), nos distintos supostos regulados no artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, derivada do proceso selectivo convocado por resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior do 28/12/2021 (BOP núm. 249 do 31/12/2021) nos seguintes termos:

ORDEN	NIF	APELIDOS E NOME	PUNT. 1º EX.	PUNT. 2º EX.	PUNT. 3º EX.	TOTAL
1	***4607**	AÑON GUERRA, JONATHAN	21,70	20,50	17,00	59,20
2	***5034**	CARBALLEDO ROCA, CARLA	19,90	20,00	15,25	55,15
3	***1052**	PUESTES PEREZ, ANDREA	20,90	19,75	10,50	51,15
4	***9226**	CABALEIRO RODRIGUEZ, LARA	24,10	24,00	---	48,10

Terceiro.- A devandita listaxe terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña.

Cuarto.- Esta listaxe será xestionada de conformidade coa Instrución que regule o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento do persoal funcionario interino do Concello da Coruña vixente.

Quinto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O coordinador xeral da Área de Economía e Planificación Urbana

Manuel Ángel Jove Losada